



MEMORIA TÉCNICA:
“ADQUISICIÓN DUN EQUIPO RECOLECTOR-COMPACTADOR
DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS”

PROMOTOR: CONCELLO DE MORAÑA.



MARZO 2017

Autora: Rosario Dalama Rodríguez, arquitecta colexiada no Coag co nº 3.491

DOCUMENTO Nº 1

MEMORIA TÉCNICA

1. – MEMORIA TÉCNICA.

- 1.1 ANTECEDENTES E CONDICIÓNS DE PARTIDA
- 1.2 OBXECTO
- 1.3 PROMOTOR
- 1.4 CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO EQUIPO
- 1.5 PRAZO DE ENTREGA
- 1.6 GARANTÍA E SERVIZO TÉCNICO
- 1.7 PRESUPOSTO OU IMPORTE TOTAL DO EQUIPO

1. – MEMORIA TÉCNICA.

1.1.- ANTECEDENTES E CONDICIÓN DE PARTIDA.

O concello de Moraña realiza o servizo de recollida de lixo dentro do ámbito do termo municipal e conta con equipos e persoal propios para levar a cabo estas tarefas. Ultimamente un dos dous equipos dos que dispón o concello está constantemente avariado debido a que se trata dun equipo antigo e con moito uso, polo que o único camión de recollida de lixo dispoñible non é suficiente para dar o mesmo servizo e coa mesma continuidade a todos os núcleos de poboación. O servizo de recollida de lixo tratase dun servizo básico, polo que constitúe unha prioridade seguir mantendo este servizo coa mesma constancia, e neste senso é primordial a adquisición dun novo equipo recolector-compactador de residuos sólidos urbanos.

1.2.- OBXECTO.

Constitúe o obxecto desta memoria determinalas características dun equipo recolector-compactador de carga traseira para a recollida do lixo debido á necesidade de renovación do equipo actual, substituíndoo por outro vehículo con máis capacidade de carga e compactación que permita realizar un servizo de recollida máis eficiente.

O equipo estará fabricado conforme ós requisitos esenciais da Directiva Europea de Seguridade de Máquinas 2006/42/CE.

1.3.- PROMOTOR

O promotor da adquisición do equipamento é o Concello de Moraña, CIF: P-36003200A, Rúa 1, nº2, 36660, Santa Lucía, Moraña - Pontevedra.

1.4.- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO EQUIPO.

As seguintes características enténdense como aproximadas admitíndose lixeiras variacións.

Tipo vehículo: Recolector-Compactador de carga traseira.

1.4.1.- CARACTERÍSTICAS DO AUTOBASTIDOR.

Deberá ter as características adecuadas para aloxar e transportar tódolos elementos que no mesmo deban montarse e que especifícanse nas condicións seguintes , adecuándose as súas posibilidades de carga.

CARACTERÍSTICAS:

- O chasis será o adecuado para a instalación dunha caixa recolectora de 12 m³ de capacidade.
- Terá un peso máximo autorizado de 16.000 Kg. (P.M.A.)
- A distancia entre eixes será entre 3.500 – 4.000 mm.
- A suspensión, a dianteira mecánica e traseira neumática.
- O motor dunha potencia superior a 220 CV. Deberá de cumprir a normativa sobre emisións sonoras (Directiva Europea 2000/14/CE).
- Cambio de velocidades automatizado. A toma de forza será a adecuada á carrozaría.
- A dirección será asistida hidráulica.
- O escape, vertical por encima do nivel da cabina.
- Portas rotuladas segundo as indicacións do Concello de Moraña.

1.4.2.- CARACTERÍSTICAS CAIXA RECOLECTORA-COMPACTADORA.


A caixa debe de conter o lixo e presentar as adecuadas condicións de resistencia, seguridade, robustez, limpeza e durabilidade. Estará fabricada para poder resistir o esforzo da compactación do lixo que sexa necesario realizar.

- O volume xeométrico da caixa terá unha capacidade mínima de 12 m³.
- Será de chapa de aceiro de alta tensión e con espesores adecuados. Os laterais exteriores serán lisos, sen nervios nin ángulos, para evita-la acumulación de auga ou residuos que poidan provocar oxidacións. Os perfís estruturais serán de aceiro co espesor e características que garanten a resistencia e o fin ó que está destinado. Estará protexida con pintura anticorrosiva elástica. O conxunto da caixa será completamente estanco para evitalo verquido á rúa de posibles líquidos.
- A placa exectora deslizará polo interior da caixa mediante patíns, con baixo nivel de rozamento e alta resistencia ó desgaste e fácil intercambiabilidade. O cilindro que actúe sobre a placa será de dobre efecto e disposto inclinado. A prensa e pala de compactación serán deseñados en función de obte-la máxima resistencia co menor peso e ademais evita-las retencións de auga ou residuos. Buscarase a mínima duración do ciclo de pretensado.
- Presentará certificado de cumprimento da Directiva 2006/42/CE de Seguridade de Máquinas. Disporá de interruptores e/ou pulsadores de emerxencia e seguridade na parte

traseira.Luz de iluminación de tolva.Estribos para os operarios abatibles e antideslizantes e faro xiratorio ámbar homologado.

- Pintura, a totalidade das superficies do recolector protexeranse contra a corrosión contemplando as seguintes operacións mínimas: desengrasado e fosfatado superficial, pasta base, dúas capas de imprimación, selado de hermeticidade, dúas capas de pintura de poliuretano con secado ó forno a 60º e franxas e sinalizacións de seguridade.

- Para a elevación de cubos e contedores, equipado cun elevador polivalente para cubos de 80 a 390 litros e contedores de 500 a 1.200 litros (Normas EN-840-1, EN-840-2 e EN-840-3) mediante peite e brazos para contedores de 4 rodas con bulóns según (EN-840-2 e EN-840-3).



1.5.- PRAZO DE ENTREGA.

Estímase un prazo máximo de entrega do equipo recolector-compactador de residuos sólidos urbanos de UN MES.

1.6.- GARANTÍA E SERVIZO TÉCNICO.

A garantía do vehículo con tódolos seus compoñentes será como mínimo de 1 ano dende a recepción provisional.

Especificarase o servizo post-venta que será responsable da garantía e a súa localización.

Á recepción do equipo terminado impartirase un curso de capacitación para os operarios e persoal de mantemento e entregarase o correspondente libro de mantemento e repostos.


1.7.- PRESUPOSTO ou IMPORTE TOTAL DO EQUIPO.

EQUIPO DE XESTIÓN DE RESIDUOS				
UD	CONCEPTO	MEDICION	PREZO/UD	TOTAL
ud	EQUIPO RECOLECTOR-COMPACTADOR DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS. Autobastidor e caixa segundo as características indicadas na memoria técnica.	1	123.078,08€	123.078,08€
TOTAL PRESUPOSTO				123.078,08€
21% IVA				25.846,40€
TOTAL IMPORTE				148.924,48€

Ascende o importe total á expresada cantidade de **CENTO CORENTA E OITO MIL NOVECENTOS VINTE E CATRO EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (148.924,48 €)**.

En Moraña, marzo de 2017.

A Arquitecta, nº COAG. 3491



Ado. Rosario Dalama Rodríguez.